

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE FUNDAS IGNÍFUGAS PARA O PERSOAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, SA (SEAGA). CONCURSO ABERTO.**

**1. OBXECTO**

O presente prego ten por obxecto establecer os requisitos que, con carácter de mínimos, deben cumprir a funda ignífuga que formará parte do equipo de protección individual a utilizar polo persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) na execución das distintas encomendas que lle faga a Consellería do Medio Rural, e en especial no dispositivo de reforzo do servizo de defensa contra os incendios forestais.

**2. DESCRIPCIÓN DE FUNDA IGNÍFUGA:**

**1. DEFINICIÓN**

Prenda de vestir de protección persoal dunha soa peza, elaborada en tecido non inflamable, que cubre o corpo desde os ombreiros ata os nocellos.

**2. UTILIZACIÓN.**

Como parte do equipo de protección persoal en todos os traballos de campo na loita contra incendios forestais, e especialmente durante as operacións de ataque e extinción.

**3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

a) As características do material obxecto da subministración supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPIs, de acordo co Real Decreto 1.407/92, do 20 de novembro. A funda ignífuga será un EPI de categoría II que cumpra especificamente as seguintes normas:

EN-340 Rroupa de protección. Requisitos xerais.

EN-531 Traballadores industriais expostos á calor.

EN-367 Transmisión da calor durante a exposición a unha chama.

EN- 471 Vestiario de protección de alta visibilidade

ISO 13934- Parte 1: Resistencia á tracción

Do mesmo xeito, valorarase o cumprimento da Norma EN-1149-3, riscos electrostáticos e especialmente da Norma ISO 15384: Rroupa de protección para bombeiros forestais.

b) As fundas ignífugas serán novas, de recente fabricación e elaboradas con materiais de primeira calidade.

c) Dado que este material será utilizado en duras condicións de traballo durante a extinción, as súas calidades básicas serán tales que reúnan xunto á súa esmerada confección, lixeireza, transpirabilidade e comodidade de uso; unha elevada resistencia e efectividade contra o lume, partículas incandescentes e rachadelas que se poidan derivar da realización dos labores de prevención e extinción de incendios forestais. En definitiva deberá ser un EPI de alta resistencia ao desgarramento, comfortable e que ofrezca as maiores garantías fronte ao lume.

d) Coa oferta presentarase o Certificado de Exame CE de Tipo desta prenda para as condicións descritas no punto 3 subpunto C, e un documento que indique a vida útil da prenda tanto cando está almacenada como cando se utilizou, así como o informe dos ensaios realizados para a obtención do Certificado de Exame CE de Tipo e unha mostra da subministración co correspondente folleto informativo-(anexo III , Real Decreto 1.407 do 20 de novembro de 1.992)-. Toda esta documentación presentarase no sobre "B", tal como se indica no Prego de Cláusulas Administrativas.

e) Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destrutivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como para a valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

#### **4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.**

##### **4.1. MATERIAIS**

Tecido: Será non inflamable, e na súa composición conterà como mínimo un 35% de aramidás ou tecido similar. Non estará tratado con ningún produto de impregnación; sometido á proba da chama non se perforará, nin se fundirá, nin fluirá en gotas. A funda levará un forro interior, dende a cintura ao final da perna, como mínimo na súa parte dianteira, consistente nun tecido interior de sarga ou similar.

Peso: 225 - 300 gr/m<sup>2</sup>.

Cor: Funda de cor verde oliva (forestal) con canesú amarelo ou amarelo fluorescente alta visibilidade. Permitirase a utilización de amarelo fluorescente noutras partes da funda, se fora necesario, para a certificación conforme á EN- 471.

Fío: Todas as costuras, presillas e cosidos realizaranse con fío ignífugo de metaaramida ou similar.

Cremalleira: Será metálica, con tirador provisto de enganche de seguridade, conservando as súas características de peche fronte a lavados sucesivos.

#### 4.2. DESEÑO ORIENTATIVO

##### DIANTEIROS:

Serán dous, esquerdo e dereito, partidos pola cintura e unidos mediante cremalleira central con dobre cursor protexida, tanto exterior como interiormente, por solapa ou tapeta lonxitudinal. Dende a cintura ata o final da perna levará un forro interno coas características xa descritas, que mellore a resistencia térmica e mecánica da prenda. Así mesmo, disporá duns reforzos na zoa dos xeonllos e dos ombreiros do mesmo tecido ignífugo ou outro de maior consistencia

No dianteiro esquerdo levará cosida unha tira de velcro ignífugo de arredor de 145 mm de longo e 50 mm de largo, onde se fixarán as galetas identificativas, para as distintas categorías profesionais, segundo o disposto por SEAGA

##### COSTAS

Costas dunha soa peza con dobre fol.

##### TRASEIROS

Serán dous, dereito e esquerdo, unidos entre si pola súa parte central, e a súa vez unidos as costas e aos dianteiros da prenda. Levarán un reforzo do mesmo tecido ignífugo ou outro de maior consistencia ,cosido na culeira. Cada un deles axustarase na zona do baixo cunha trabilla, regulable mediante velcro ignífugo, e pecharase cunha cremalleira mediante con dobre cursor protexida, tanto exterior como interiormente, por solapa ou tapeta lonxitudinal. Poderanse utilizar outros sistemas, sempre que se asegure que a prenda queda correctamente pechada e que se permite a entrada sen problema das botas. As perneiras non poden rematar con voltas do tecido.

#### CINTURILLA

Axuste de cintura mediante elástico oculto mínimo de 3 cm. de largo cubrindo todas as costas.

#### MANGAS

Levarán un reforzo do mesmo tecido ignífugo ou outro de maior consistencia nos cóbados. Protexerán ata os nocellos e solaparán axeitadamente coas luvas. Sen dobreces exteriores nos puños.

#### PESCOZO

De dobre tela, con tapabocas, alzable e axustable, mediante velcro ignífugo ou similar.

#### PETOS

Mínimo un peto de parche con tapeta, no peito, na parte esquerda, de forma rectangular que se pecharán con bordo adhesivo tipo velcro.

Dous petos no dianteiro do pantalón, interiores, con forro do mesmo tecido, coas entradas concadentes coas costuras laterais e con peche de cremalleira tapada e tirador

Os petos exteriores deben ser do tecido principal e deben estar cubertos sempre por unha tapeta mínima de 5 cm mais ancha que a boca do peto.

#### COSTURAS

Segundo norma UNE 40-513-84. Serán de 3 ou 4 puntadas por cm. lineal. O fío utilizado será de fibra ignífuga.

#### MATERIAL REFLECTANTE IGNÍFUGO

A funda debe estar certificada conforme á norma EN 471, roupa de clase 1. O material reflectante utilizado será ignífugo, e a funda non presentará bandas de material reflectante a menos de 5 cm. das articulacións, as fundas serán de dobre tecido e as bandas reflectantes irán con dobre cosido resistente na primeira capa de tecido que compón a funda, quedando as costuras separadas da pel mediante o segundo tecido que compón a funda. Presentaraa ao menos unha banda reflectantes no peito e no lombo en disposición horizontal, e ao menos dúas bandas nas perneiras, e brazos.

#### 4.3. CONFECCION

Costura remallada con puntada de seguridade en todas as unións da prenda. Presillas nos petos, e en todos os puntos débiles.

#### 5. TALLA

Unha vez adxudicado este lote, SEAGA elaborará un programa que se enviará ao adxudicatario.

Unha vez feitas as medicións correspondentes, o adxudicatario presentará, seguindo as directrices de SEAGA, unha base de datos das mesmas.

Establécense como medidas orientativas:

**Talla 44 46 48 50 52 54 56 58 60 62 64 66 68**

**Peito 54 56 58 60 62 64 66 68 70 72 74 76 78**

**Longo 150 152 154 156 158 160 162 164 166 168 170 172 174**

**Entreperna 73 74 75 77 78 79 81 82 83 85 87 87 89**

**Manga 61 62 62 63 63 64 64 65 65 66 66 67 67 68**

Todas as medidas son en cm.

Tolerancia:  $\pm 1,5$  cm no peito e manga,  $\pm 3$  cm. no longo.

As medidas dadas defínense como:

LONGO: Lonxitude que vai desde a unión do colo e as costas, medida no seu punto medio, ata o remallado da prenda.

PEITO: Semiperímetro torácico medido á altura das axilas.

MANGA: Lonxitude que vai desde a unión superior de corpo-manga ata o extremo desta.

#### 6. ETIQUETAS.

Interiormente na parte superior central da funda irá cosida unha etiqueta na que figurará:

1º Mercado CE tipo

2º Nome do fabricante

3º Ano de fabricación

4º Talla.

5º Composición e peso do tecido

6º Referencia do modelo

e todo o que estableza a normativa vixente.

Analogamente, no interior levará cosida outra etiqueta na que virán recollidas as instrucións de lavado, secado e pranchado da prenda.

## **7. ANAGRAMAS**

SEAGA establecerá o tipo de anagrama ou texto que se marcarán de forma indeleble na prenda, e comunicará oportunamente ao adxudicatario as dimensións, cores e situación daqueles. (Constarán dos anagramas específicos da Consellería do Medio Rural e os propios da Empresa)

## **8. EMBALAXE**

Cada prenda co seu folleto informativo irá aloxada nunha bolsa de plástico.

## **9.- ENTREGAS E SUSSTITUCIÓN**

### **9.1. ENTREGAS: CANTIDADE E CUSTES**

A Empresa Adxudicataria queda obrigada á entrega do mencionado equipamento nas oficinas provinciais de SEAGA, coordinando con SEAGA a recepción do mesmo, con verificación personalizada "in situ".

Entregaranse sucesivamente, nas datas e cantidades que determine SEAGA, 2.055 fundas ignífugas, no prazo establecido no contrato.

O orzamento de licitación, con IVE incluído é de: DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA EUROS (238.380 €)

PREZO UNITARIO :116 €

Nº MÍNIMO DE UNIDADES: 2.055

### **9.2. SUBSTITUCIÓN DE PRENDAS DEFECTUOSAS**

Unha vez adxudicado a unha determinada empresa, en caso de que a maior parte das fundas sexan admitidas, en cada subministración, quedando algunha que non satisfaga o mínimo esixido, comunicáraselle ao provedor o defecto ou falta de calidade advertida, e se lle outorgará un prazo

determinado para remitir novas fundas, coas carencias apuntadas corrixidas

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008

O director-xerente de SEAGA, S.A.

Xan-Bautista Cambón Rodríguez